

22 xuño_Sala Mozart, Auditorio de Galicia. 20.30 h

PIANO ARESTORA

ALUMNOS DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ánxela Cruz Saborido

Noriko Baba (*1972): *Harmonieux Forgeron* (2006)

Hilda Paredes (*1957): *Las Estrellas* (2003) A

Karen Tanaka (*1961): *Northern Light* (2002)

María Blanco Iglesias

George Crumb (1929–2022): *A Little Suite for Christmas A.D. 1979* (1980)

Alisa Zhgenti

Dmitri Kourliandsky (*1976): *Surface* (2007)

Sofia Gubaidulina (*1931): *Toccata-Troncata* (1971)

Xiao Pereiro Souto

Pierre Jodkowski (*1971): *Typologies du regard* (5 pieces for piano and stereo soundtrack, 2009-2011)

Duración estimada: 50 min.

PIANO ARESTORA é un proxecto pedagóxico que téñen entre os seus obxectivos principais difundir o repertorio actual entre o alumnado do CMUS Profesional de Santiago, despertar o seu interese cara novas propostas estéticas e proporcionarlle a oportunidade de vivir experiencias prácticas o máis achegadas ás profesionais.

O proxecto vincúlase á materia optativa de Fundamentos de Música Contemporánea dirixida polo profesor David Durán e desenvólvese na súa aula de piano.

O programa proposto concita múltiples achegamentos estéticos / técnicos á composición para piano arestora, e conforma unha mostra ben representativa de pianismos actuais. As técnicas estendidas están, naturalmente, ben presentes, así como o entramado tímbrico da combinación do instrumento acústico con electrónica. Por outro lado, todas as pezas compuxéronas autores vivos e activos, excepto un clásico de 1980, *A little suite for Christmas A.D. 1979*, que servirá de pequena homenaxe ao seu compositor recentemente falecido, o estadounidense George Crumb (1929-2022).

O programa de man, con información bibliográfica e notas sobre as pezas, foi elaborado polo alumnado da materia optativa.

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

O programa abre con tres pezas moi curtas que, xuntas, funcionan como micro-movements dunha suite imaxinada. A primeira, *Harmonieux Forgeron*, toma prestado o título dunha obra ben coñecida de Georg Friedrich Händel, «O Ferreiro Harmonioso», derradeiro movemento da súa *Suite nº 5 en Mi maior HWV 430*. O son dos golpes do martelo do ferreiro semella ter sido a inspiración para Händel, e trescentos anos máis tarde, a compositora xaponesa **Noriko Baba** revisa esta idea empregando unha sinxela preparación no interior do piano para redefinir o timbre do instrumento e evocar de xeito moito máis explícito a referencia sonora da ferraría. Noriko Baba está a desenvolver unha sólida carreira, e tras pasar os seus estudos entre Tokio e París, recibiu numerosas bolsas de estudos e premios. As súas obras interprétanse habitualmente por algúns dos máis destacados ensambles como o Ensemble 2e2 m, Ensemble Intercontemporain ou Quatuor Diotima en importantes festivais internacionais.

Las estrellas, da mexicana **Hilda Paredes**, agrupa pequenas constelacións de notas agudas que tintinan, resoan no baleiro e dan paso a outras formas novas. Porén pódese escoitar a peza como quen observa un ceo nocturno. Hilda Paredes naceu en México pero vive en Londres dende hai máis de 40 anos. Está firmemente establecida como unha das compositoras máis importantes da súa xeración no panorama internacional. O movemento final desta «falsa suite» estende a referencia aos corpos celestes. *Northern Light* evoca as cores e formas da aurora boreal con motivos melódicos e harmonías modais que mudan sobre un fondo continuo: un patrón de cinco notas repetido durante toda a peza suxerindo o infindo. Entre os mestres da tokiota Karen Tanaka, figuran Luciano Berio ou Tristan Murail, se ben a estética da súa música está moi afastada da dos seus mentores; transita mundos persoais e consoantes sen tonalidade. A delicadeza e as referencias á natureza son unha constante nas súas obras.

A Little Suite for Christmas, AD 1979, completada polo compositor estadounidense **George Crumb** en 1980, converteuse en todo un clásico do repertorio do século vinte. A suite refírese conceptualmente aos frescos da Natividade da Capela Arena en Padua, Italia. Esta capela privada, pintada por Giotto (rematada en 1305), traza, a través dunha serie de paneis separados, a liñaxe e concepción de Xesucristo, pasaxes da súa vida, a súa crucifixión e resurrección. A música de Crumb en xeral, e esta peza en concreto, ten a calidade da inmediatez e o atractivo tanto para a crítica como para o público, máis ou menos afeitos á música actual. Sirva a interpretación desta peza como homenaxe a este gran creador que nos deixou apenas fai uns meses á idade de 92 anos.

Ao compositor máis novo do concerto, o ruso **Dmitri Kourliandsky**, relaciónaselle xustamente con correntes musicais máis actuais, concretamente coa saturación, e para definir a súa música servímonos de termos como música-obxecto, globalización ou pluri-disciplinariade. Pero, en Kourliandsky, a diferenza da idea da saturación-masificación, procúrase o menos posible: non se aplica un principio de multiplicación sonora, senón de imposición de condicións para a restrición de posibilidades e a delimitación dunha obra, con eventos ou xestos semi-organizados. En *Surface* o pianista non chega a baixar ningunha tecla, emprega só a superficie do instrumento (*surface*), coa fricción como xesto e como motor sonoro, radicalizando en ambos aspectos a relación entre intérprete e instrumento.

A Toccata-Troncata de **Sofia Gubaidulina** é unha peza exixente ao estilo das virtuosas tocatas barrocas para teclado. De feito, nesta peza a compositora rusa combina aquelas técnicas contrapuntísticas integradas nun idioma musical moderno, na procura dun resultado máis aló dos conceptos tradicionais de forma e produción sonora. A textura sonora e a estrutura ilustran a tradución literal do título, a «tocata truncada». Unha poderosa tocata, articulada en rápidas semicorcheas picadas vese interrompida –truncada– subitamente desvelando sons remanentes e resoantes (pola vibración por simpatía de cordas) baixo un calderón. Esta alternancia do vertical e o horizontal sucédese varias veces na obra e confírelle o seu carácter caprichoso, libre e contrastante segundo ese principio de opostos.

O final do programa é un xiro de rexistro ao incorporar medios electrónicos. O francés **Pierre Jodlowski** compuxo as cinco pezas de *Typologies Du Regard* pensando en novos intérpretes, como cinco estudos para piano aglutinados nunha colección que examina a relación entre o son acústico do piano e o son da electrónica dende diferentes perspectivas (de aí as «tipoloxías da mirada»). Así pois, a escritura non se basea unicamente nunha disposición de diálogo entre o instrumento e os sons pre-gravados, senón que salienta a idea de contemplación. Para isto, a música aspira a crear unha interpelación entre espazos visuais (ou «paisaxes» abstractas) e a habilidade suxestiva do pianista. A idea de paisaxe á que se refire Jodlowski é imaxinaria, o esencial é a aptitude do pianista para concentrarse nelas e propiciar a atmosfera de cada peza ao público. A música para piano e electrónica conforma todo un xénero cun repertorio vasto e crucial dende a segunda metade do século vinte. Proporcionarlle ao alumnado experiencias interpretativas deste tipo é un contido extraordinario e moi enriquecedor debido ás dificultades da coordinación rítmica e sonora co son electrónico.